

22/F **DÍA POLA
IGUALDADE
SALARIAL**



**INFORME SOBRE DESIGUALDADE
SALARIAL POR SEXOS EN GALICIA**

1. INTRODUCCIÓN

Desde que o Parlamento Europeo aprobara en 2008 unha resolución na que pedía ás Institucións Europeas a declaración dun Día Europeo pola Igualdade Salarial en toda a Unión Europea e mentres isto non ocorre, a pesar de ser datas diferentes os distintos países fan unha chamada de atención sobre a necesidade de corrixir a brecha salarial. En España, desde que o Goberno o aprobara no ano 2010, mantense o 22 de febreiro como data invariable da conmemoración da Igualdade Salarial, pero ao igual que os países do noso entorno, calculamos cada ano os días que as mulleres deberían traballar para percibir as mesmas cantidades que os homes. Desde UGT Galicia sumámonos ano tras ano a esta conmemoración para reivindicar a necesaria loita contra a existente discriminación salarial por sexos.

Corrixir a brecha salarial supoñería, non só un acto de xustiza ao outorgar ás mulleres os dereitos que xa teñen recoñecidos na lei e que na práctica non se cumpren, ademais sería un factor de dinamización e eficiencia económica do noso país. Que as mulleres perciban os salarios que lles corresponden, aumentaría o seu poder económico, dinamizaría o consumo e xeraría emprego.

2. ANÁLISE


Neste informe realízase unha análise das principais estatísticas sobre diferenzas salariais entre mulleres e homes máis recentes:

- Enquisa cuadrienal de estrutura salarial do ano 2010 do Instituto Nacional de Estatística, publicada o 24 de outubro de 2012.
- Enquisa anual de estrutura salarial do ano 2013 (publicada o 24 de xuño de 2015)
- “Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias”, da Agencia Estatal de la Administración Tributaria do 2014 (publicada o 17 novembro de 2015)

BRECHA SALARIAL

- **As mulleres galegas perciben un salario medio anual inferior nun 23,4% ao dos homes, o que ao longo dunha vida laboral de 36 anos, equivale a 9 anos máis de traballo para poder percibir as mesmas cantidades por traballos de igual valor**

Brecha salarial entre homes e mulleres (%). Galicia. Ano 2008-2013



Fonte:
Enquisa
Anual
de
Estrutura
a
Salarial
Anos
2008-
2013.
INE.

Se temos en conta os últimos datos da Enquisa Anual de Salarios, a do ano 2013, publicada o 24 de xuño do ano 2015, a brecha salarial é do 23,4% de media anual (desde que comezou a crise no ano 2008 incrementouse en 2,3 puntos), o que implica que para unha muller o ano non remata o 31 de decembro en termos salariais, senón que para poder cobrar a mesmo salario anual que un home, as mulleres galegas teriamos que traballar 85 días máis ao ano, ata o 26 de marzo do ano seguinte. Isto equivale ao longo dunha vida laboral de 36 anos cotizados (os esixidos no 2016 para poder percibir a pensión máxima de xubilación con 65 anos), a nada máis e nada menos que 9 anos máis de traballo para percibir as mesmas cantidades por traballos de igual valor.

O ritmo actual na redución da brecha salarial entre mulleres e homes é tan lento que habería que esperar uns 70 anos para lograr a igualdade de remuneración segundo a Declaración da Comisión Europea.

SALARIO MEDIO ANUAL GALICIA

- A diferenza retributiva anual entre homes e mulleres en Galicia no ano 2013 foi de 5.264,34€, o que supón un incremento de 805,16€ respecto ao 2008.

Ganancia media anual

	Mulleres	Homes	%M/H
2008	16.646,42	21.105,60	21,1
2009	17.342,32	21.829,80	20,6
2010	17.691,11	22.626,21	21,8
2011	17.291,96	22.381,85	22,7
2012	16.727,15	22.059,69	24,2
2013	17.258,21	22.522,55	23,4

Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial Anos 2008- 2013. INE.

No período analizado, a diferenza entre homes e mulleres medra en 2,3 puntos, expresado en euros supuxo un aumento da existente brecha que pasa de 4.459,18 euros en 2008 a 5.264,34 euros, 805,16 euros máis de diferenza. Para igualarse o salario da muller ao do home, tería que incrementarse en nada menos que un 30,5% (nun total de 5.264,34 euros).

BRECHA SALARIAL CONTABILIZADA EN EUROS

- As mulleres en Galicia, deixaron de percibir 2.505 millóns de euros no ano 2013 como consecuencia da brecha salarial

	Retribución media anual mulleres	Retribución media anual homes	Brecha en euros	Mulleres ocupadas	Total brecha en millóns de euros
2013	17.258,21	22.522,55	5.264,34	475.800	2.504,8

Fonte: Elaboración propia a partir da *Enquisa Anual de Estructura Salarial Anos 2008- 2013. INE.*

A brecha salarial traducida en euros, supón que as mulleres galegas deixaron de percibir 2.504,8 millóns de euros no ano 2013, e isto deixando á marxe o que supoñería en euros o traballo non retribuído das mulleres que se desempeña dentro do ámbito familiar coidando menores, persoas dependentes e realizando as tarefas do fogar, no que non entrarían só as mulleres ocupadas.

SALARIO POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

- **As mulleres galegas percibimos un 11,6% menos de salario anual que a media das mulleres do conxunto do Estado e somos a cuarta CCAA onde o salario anual medio das mulleres é máis baixo**

Salario medio anual

	Mulleres	Brecha mulleres galegas s/resto mulleres ccaa	Homes	Brecha salarial
Estado	19.514,58	11,56	25.675,17	23,99
Andalucía	17.690,19	2,44	23.565,36	24,93
Aragón	18.701,61	7,7	25.128,91	25,58
Asturias	18.455,34	6,49	25.500,04	27,63
Baleares	18.998,37	9,16	22.584,78	15,88
Canarias	17.619,86	2,05	20.678,43	14,79
Cantabria	16.542,34	-4,14	23.224,60	28,77
Castela e León	17.429,41	0,98	23.379,00	25,45
Castela - A Mancha	17.481,02	1,27	23.316,59	25,03
Cataluña	20.740,55	16,8	27.684,30	25,08
C. Valenciana	17.918,36	3,68	23.651,40	24,24
Extremadura	16.304,55	-5,52	21.780,90	25,14
Galicia	17.258,21		22.522,55	23,37
Madrid	22.959,28	24,8	29.224,30	21,44
Murcia	16.957,29	-1,74	23.428,23	27,62
Navarra	19.364,43	10,88	27.848,15	30,46
País Vasco	22.687,39	23,93	30.312,55	25,16
Rioja, A	17.435,56	1,02	23.641,12	26,25

Fonte: *Enquisa Anual de estrutura salarial Ano 2013. INE.*

Os ingresos medios das mulleres galegas (17.258,21 euros) foron 2.256,37 euros inferiores á media dos salarios medios das mulleres da media de comunidades autónoma (-11,6%). As mulleres galegas perciben un 24.8% menos de salario que as mulleres madrileñas e un 23.93% menos que as vascas.

A estrutura de emprego e ocupación non é homoxénea en todas as CCAA, o que explica a variación da fenda salarial dunhas comunidades e outras, pero en todas os salarios das mulleres son moito máis baixos que os dos homes.

GANANCIA POR HORA NORMAL TRABALLADA

- **Se temos en conta a ganancia por hora normal traballada (variable non afectada pola temporalidade nin pola contratación a tempo parcial) as mulleres galegas, tras as cántabras, son as que menor retribución por hora perciben de todo o Estado.**

Resultados por CCAA: Ganancia por hora normal de traballo

<i>euros/hora</i>	Mulleres	Homes	Brecha salarial
Estado	13,21	15,87	16,8
Andalucía	12,30	14,64	16,0
Aragón	12,60	15,70	19,7
Asturias	12,56	16,15	22,2
Baleares	13,04	14,62	10,8
Canarias	11,83	12,81	7,7
Cantabria	11,19	14,33	21,9
Castela e León	12,31	14,60	15,7
Castela-A Mancha	12,03	14,15	15,0
Cataluña	13,94	17,15	18,7
Comunidade Valenciana	12,26	14,58	15,9
Extremadura	11,89	13,48	11,8
Galicia	11,39	13,61	16,3
Madrid	14,95	17,82	16,1
Murcia	11,68	14,13	17,3
Navarra	13,73	17,58	21,9
País Vasco	15,38	19,13	19,6
Rioxa, A	11,72	14,76	20,6

Fonte: *Enquisa Anual de Estrutura Salarial Ano 2013. INE.*

As distintas características dos empregos aos que acceden homes e mulleres explican en parte o diferencial salarial, pero para ter en conta unha variable non afectada pola temporalidade e parcialidade do emprego, unha clave e variable adecuada é analizar o número de horas traballadas ao ano. Dado que as mulleres teñen maior temporalidade na contratación e maior peso da contratación a tempo parcial, isto pode ser utilizado como escusa para xustificar unha ganancia media anual inferior, que coa ganancia por hora normal de traballo xa non se podería xustificar.

As mulleres galegas perciben un 13,8% menos de salario por hora normal traballada que a media de mulleres do conxunto do Estado, e un 16,3% menos que os homes galegos.

GANANCIA POR HORA NORMA TRABALLADA NOS PAÍSES DA UE

- España, co 33,7%, é o país da UE coa brecha salarial máis alta en contratos a tempo parcial, que son desempeñados nun 72,21% por mulleres.

Brecha salarial/salario hora (%) UE

Ano 2013	Brecha salarial	Tempo completo	Tempo parcial
EU 28	16,3		
Bélxica	9,8	2,9	8,7
Bulgaria	13,5	14,2	4,8
Dinamarca	16,4	18,2	4,7
Alemaña	21,6	19,5	12
España	19,3	14,1	33,7
Croacia	7,4	11,5	33,1
Italia	7,3	1,9	13,5
Letonia	14,4	16,2	5,5
Lituania	13,3	13,7	2,5
Hungría	18,4	20,3	9,4
Malta	5,1	3,5	-8,2
Holanda	16	13,2	2,3
Polonia	6,4	6,2	13,5

Portugal	13	12,7	27
Eslovaquia	19,8	19,3	18,4
Finlandia	18,7	18,3	14,2
Suecia	15,2	12,5	5,7
Reino Unido	19,7	16,3	4,4
Islandia	20,5	18	5,8
Noruega	16	12,9	0,5
Suíza	19,3	21,3	15,3

Fonte: “Gender pay gap in unadjusted form by working time in % 2013” Eurostat

Se analizamos o ámbito europeo, podemos observar como a brecha salarial por hora normal traballada en España é 3 puntos superior á media europea. Somos o país da UE coa brecha salarial en contratos a tempo parcial máis alta de toda Europa, cun 33,7%, cuestión que repercute dobremente nas mulleres, xa que o 24,3% do total de mulleres traballadoras teñen un contrato a tempo parcial (fronte ao 7,8% dos homes) e que do total de contratos a tempo parcial, un 72,21% son desempeñados por mulleres, segundo datos da EPA do 3º Trimestre do 2015.

RAMAS DE ACTIVIDADE

- **En todas as ramas de actividade económica os salarios das mulleres son inferiores aos dos homes**

Salario medio anual por ramas de actividade económica e sexo Galicia 2014

	Homes	Mulleres	% M sobre H
Total sectores	19.746	15.414	21,9
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	14.104	9.819	30,4
Industria extractiva, enerxía e auga	27.897	20.583	26,2
Industria	22.044	15.459	29,9
Construción e actividades inmobiliarias	16.366	15.662	4,3
Comercio, reparacións e transporte	18.515	13.327	28,0
Información e comunicacións	23.479	17.698	24,6

Entidades financeiras e aseguradoras	30.174	22.638	25,0
Servizos ás empresas	17.086	11.612	32,0
Servizos sociais	25.297	21.038	16,8
Outros servizos persoais e de ocio	9.486	7.244	23,6

Fonte: AEAT “Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias” Ano 2014

A maior diferenza retributiva dáse na rama de “Servizos ás empresas”, onde sendo maioría a muller (o 55,6% do total) perciben un salario un 32% inferior, seguido da “Agricultura e gandería” onde o salario é inferior no 30,4% (se ben é certo que neste caso o número de mulleres asalariadas é moi baixo, o 17,6% do total, tan só 4.307 mulleres asalariadas nesta rama de actividade).

As menores diferenzas danse na “Construción e actividades inmobiliarias” e “Servizos sociais”, un 4,3% e un 16,8% de brecha salarial entre homes e mulleres, respectivamente. Na “Construción” o número de mulleres en relación ao total de persoas asalariadas é escaso, o 14,2% do total, e dado que as súas labores ao ser de tipo técnico, comercial, de xestión, etc. están mellor retribuídas. Nos “Servizos sociais” tamén o diferencial é baixo, neles hai un gran peso do emprego público e polo tanto menor segregación e discriminación por sexo. As mulleres nos servizos sociais representan máis do 61% do total de persoas asalariadas no sector.

SECTOR PÚBLICO/PRIVADO

Tendo en conta a *Encuesta cuatrienal de Estructura Salarial 2010 do INE* a brecha salarial en empresas de control público é do 12,6% fronte ao 29,8% nas empresas de control privado. Aínda así, hai que ter en conta que os continuados recortes salariais aplicados polo goberno ao persoal ao servizo das administracións públicas, que contan cun total de 149.648 persoas, o 56,4% son mulleres (84.448), polo que é evidente o maior prexuízo das medidas aplicadas polo goberno cos continuados e inxustos recortes (Fonte: *Boletín de personal al servicio de las admores públicas de xaneiro de 2015 do Registro Central de personal Mº de Hacienda y Administraciones públicas*).

TIPO DE CONTRATACIÓN

- **A maior estabilidade no emprego, maior diferencial entre os salarios de homes e mulleres.**

Galicia 2013. Ganancia media anual por persoa traballadora, sexo e tipo de contrato

	Mulleres	Homes	%
Indefinida	18.086,37	24.052,96	24,8
Determinada	14.048,31	16.280,95	13,7

Fonte: *Enquisa Anual de Estrutura Salarial Ano 2013. INE.*

A maior temporalidade diminúe a brecha salarial, sendo nos contratos de duración indefinida nos que se amosa un maior diferencial entre homes e mulleres.

COMPLEMENTOS SALARIAIS

- **Os complementos salariais son unha das claves que explican o diferencial salarial entre homes e mulleres**

Galicia 2010. Composición do Salario Bruto Mensual

	Mulleres	Homes	% s/ total mulleres	% s/ total homes
Salario base	967,75	1.176,77	72,67	67,88
Complementos salariais	331,17	464,38	24,87	26,79
Nocturnidade, quenda ou traballo en fin de semana	17,88	29,28	1,34	1,69
Pagos por horas extraordinarias	1,84	13,39	0,14	0,77
Salario ordinario	1.300,76	1.654,54	97,68	95,44
Pagas extraordinarias	30,96	79,14	2,32	4,56
Salario bruto	1.331,72	1.733,68	100,00	100,00

Fonte: *Enquisa Cuadrienal de Estrutura Salarial Ano 2010. INE.*

Un factor que explica por si mesmo a brecha salarial é a existencia ou non de complementos salariais e o seu peso sobre o total de salario bruto. Como se comproba no cadro anterior, do total do salario bruto no caso das mulleres o 72,67% é salario base, fronte ao menor peso deste no caso dos homes (67,88%) o que indica o forte peso que teñen os complementos salariais no caso do salario bruto mensual dos homes, complementos que son a clave que inciden nas diferenzas; actuando sobre estes poderíase reducir en boa medida a desigualdade nos salarios entre homes e mulleres, e máis tendo en conta que moitas veces estes complementos non se basean en cuestións obxectivas nin cuantificables, polo que esconden tras de si discriminacións.

SALARIO MÍNIMO INTERPROFESIONAL

- **O 36% das mulleres teñen ingresos salariais menores ou iguais ao SMI fronte ao 26,7% dos homes, pero a situación invértese nos salarios máis altos.**

Galicia 2014 Persoas asalariadas por tramos de salarios (SMI)

	Ambos sexos	Homes	Mulleres	% s/ ambos sexos	% s/ total Homes	% s/ total Mulleres
Total tramos de salario	968.376	517.501	450.875	46,6	100,0	100,0
Menor ou igual a 1 SMI	300.716	138.232	162.484	54,0	26,7	36,0
Máis de 5 veces SMI	45.321	32.647	12.674	28,0	6,3	2,8
Máis de 10 SMI	4.005	3.398	607	15,2	0,7	0,1

Fonte: AEAT “Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias” Ano 2014

No ano 2014 segundo a AEAT, un 36% de mulleres teñen ingresos salariais menores ou iguais ao Salario Mínimo Interprofesional (9.034,20 euros/ano) fronte

ao 26,7% dos homes. Se pola contra facemos unha análise dos salarios máis elevados, o 6,3% dos homes tiveron salarios cinco veces superiores ao SMI, fronte ao 2,8% de mulleres. Moi significativo é que das 4.005 persoas que en Galicia cobran máis de 10 veces o SMI, só 607 son mulleres.

TRAMOS DE IDADE

- **En ningún tramo de idade o salario é superior no caso feminino ao masculino.**

Galicia 2013. Ganancia media anual por persoa traballadora, tramo de idade e sexo

	Mulleres	Homes	% M/H
Todas as idades	17.258,21	22.522,55	23,37
Menos de 25 anos	.	.	-
De 25 a 34 anos	14.956,50	17.928,54	16,58
De 35 a 44 anos	17.164,89	22.695,41	24,37
De 45 a 54 anos	19.013,03	24.497,82	22,39
55 e máis anos	19.716,86	25.848,75	23,72

Notas: Non se facilita o dato correspondente por ser o número de observacións mostrais inferior a 100 Fonte: *Enquisa Anual de Estructura Salarial. Ano 2013. INE.*

PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO

- **As beneficiarias de prestación por desemprego son menos e a súa contía é inferior á dos homes nun 18,2%.**

	Persoas Desempregadas			Prestación media anual		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	% diferenza
2014	291.628	159.131	132.497	3.868	3.163	18,22%

Fonte: AEAT "Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias" Ano 2014

A crise económica está a incluír grandes niveis de dificultades na cohesión social. O desemprego con niveis insostibles non se ve compensado por unha cobertura social adecuada, e máis no caso das mulleres. Desde sempre as mulleres teñen menos acceso ás prestacións por desemprego, polas escasas cotizacións, tanto en termos temporais como monetarios, derivada das súas condicións de contratación e salario, polo que incluso non acadan os mínimos requiridos para ser beneficiarias deste tipo de prestación sendo a súa situación de risco de exclusión e vulnerabilidade moi superior á dos homes. E non podemos esquecer ás case 26.821 traballadoras do anterior réxime especial do fogar da Seguridade Social (agora integradas no réxime xeral coma un sistema especial) que non teñen dereito a desemprego.

PENSIÓNS

- **402.629 mulleres pensionistas galegas viven cun importe medio de 583,22 euros sendo no caso das pensións de xubilación, un 38% inferior á dos homes**

Pensións contributivas da Seguridade Social por clases e importe medio. Galicia.

2014	Número			Importe medio (euros)		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	% M/H
Total	750.817	348.182	402.629	920,47	583,22	36,6
Incapacidade permanente	68.543	46.311	22.231	864,15	697,13	19,32
Xubilación	465.392	268.348	197.041	997,18	617,99	38
Viuvez	187.287	19.097	168.188	391,81	544,66	-28
Orfandade	23.743	12.477	11.266	363,1	362,3	0,22
Favor familiares	5.852	1.949	3.903	445,73	478,82	-7

Fonte: *Elaboración propia a partir de datos de Pensións contributivas da S.S. do I.G.E. - Instituto Galego de Estatística*

Da análise das pensión contributivas da Seguridade Social en Galicia no ano 2014, compróbase un importe medio mensual en euros de 583,22 euros para as mulleres, claramente inferior aos 920,47 euros que perciben os homes (e en Galicia unha gran parte, cerca do 40% das pensións son con complementos a mínimos). Se temos en conta só a pensión de xubilación, o diferencial é aínda máis elevado, un importe medio de 617,99 euros no caso das mulleres fronte a 997,18 euros nos homes.

Aínda que é superior o importe medio das pensión de viuvez, hai que ter en conta que esta pensión en moitos casos é a única fonte de ingresos das mulleres, non así nos homes.

Número de persoas beneficiarias das pensións non contributivas de xubilación da Seguridade Social segundo sexos

	Total	Homes	Mulleres	% Mulleres
2014	26.682	5.882	20.800	78,0

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Pensións non contributivas da S.S. do I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

Das persoas beneficiarias de pensións de xubilación non contributivas da Seguridade Social en Galicia un 78% son mulleres, evidenciando así que son moitas as mulleres que ao final da súa vida laboral teñen que recorrer ao último recurso posible, as pensións non contributivas, cuxo importe medio en Galicia no ano 2014 segundo o IMSERSO foi de 354,46 euros, polo que nos podemos facer unha clara idea das dificultades ás que se enfrontan as mulleres tras a xubilación.

CALENDARIO BRECHA SALARIAL

Si se dotara de valor económico o emprego do tempo nas responsabilidades familiares e domésticas aumentaría a brecha salarial.

Calendario brecha salarial				
Causa da brecha económica	Ámbito	% Brecha salarial	Días ao ano traballados por mulleres nonretribuídos	Data ata que as mulleres traballan de forma gratuíta
Salario hora	Media Unión Europea	16,3%	59 días	1 de marzo do ano seguinte
	España	19,3%	70 días	12 de marzo do ano seguinte
Salario medio bruto anual	Galicia	23,4%	85 días	Ata o 26 de marzo do ano seguinte
Tarefas do fogar e coidados	Galicia	Diferenza anual entre mulleres e homes	84 días	Ata o 24 de marzo do ano seguinte
Tarefas do fogar e coidados máis brecha salarial no emprego	Galicia	Diferenza anual entre mulleres e homes máis brecha salarial no emprego	169 días	Ata o 18 de xuño do ano seguinte

Os salarios que perciben as mulleres unido á falta de reparto das tarefas do fogar e dos coidados, da como resultado unhas fortes diferenzas en relación aos homes en ambos casos, tendo como consecuencia para as mulleres un importante número de días ao ano traballados e non retribuídos. Os distintos cómputos estatísticos a nivel europeo e nacional, proporcionan un calendario de brecha salarial no que se indica ata que data do ano seguinte deberían traballar as mulleres para recibir os mesmos salarios que os homes perciben nun ano.

Segundo a Enquisa de Emprego do Tempo 2009/2010 do INE, a porcentaxe de mulleres galegas que empregan tempo no cuidado do fogar e da familia é do 94,1% e destinan unha media 4 horas e 31 minutos, mentres que nos homes se reduce ao

74,7% e dedican case a metade do tempo, 2 horas e 32 minutos. Con estes datos pódese concluír que as mulleres galegas dedican de media 84 días máis ao ano que os homes ao fogar e á familia, que non son retribuídos, que pasan a ser 169 se lle sumamos os derivados da brecha salarial.

Se temos en conta segundo fontes do INE, que o salario bruto medio anual por persoa traballadora en Galicia no ano 2010 (por ser o mesmo ano de referencia da Enquisa do Tempo), foi de 20.344,74€, polo que o salario por hora a xornada completa sería de 7€, as horas invertidas no traballo non remunerado das mulleres nun ano sería de 6.910 millóns de euros.

EVOLUCIÓN DO PODER ADQUISITIVO

As mulleres galegas duplican a perda de poder adquisitivo en relación aos homes

Perda de poder adquisitivo desagregado por sexo			
	Variación anual IPC Xeral	Variación anual salario mulleres medio	Variación anual salario homes medio
2009	0,8	4,2	3,4
2010	3,0	2,0	3,6
2011	2,4	-2,3	-1,1
2012	2,9	-3,3	-1,4
2013	0,3	3,2	2,1
Acumulación variación	9,4	3,8	6,7
Media perda poder adquisitivo		5,6	2,7

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE

Tendo en conta o período 2009/2013, asistimos a un encarecemento da vida nun 9,4%, os salarios das mulleres nese tempo víronse aumentados nun 3,8% e os dos

homes nun 6,7%, polo que as mulleres acumulan unha perda 5,6% de poder adquisitivo fronte 2,7% dos homes, infravaloración do traballo das mulleres que provoca o aumento da brecha salarial.

Isto inflúe decisivamente en que tamén existan diferenzas no acceso aos bens que deberíamos ter garantidos de acordo coa Constitución, como a vivenda que subiu seis veces máis que o salario das mulleres e tres veces máis que o dos homes, os custos de alimentación no caso dos homes están medio punto por debaixo dos seus ingresos e 2,23 puntos por encima dos das mulleres e o transporte subiu case tres veces o que subiron os salarios dos homes e cinco veces a porcentaxe de subida do salario das mulleres.

CONCLUSIÓNS

- A brecha salarial en Galicia situouse no 2013 no 23,4%, o que supón que as traballadoras galegas cobraron de media nese ano 5.264,34€ menos que os homes. Tomando como referencia 251 días laborais ao ano, as mulleres en Galicia, para percibir o salario que recibirían se o seu traballo fora recoñecido en termos económicos co mesmo valor que o dos homes, terían que traballar 77 días máis.
- Os homes necesitan traballar 12 meses e as mulleres case 16 para percibir as mesmas retribucións por traballos de igual valor. Isto equivale ao longo dunha vida laboral de 36 anos, a 11 anos máis de traballo para percibir as mesmas cantidades.
- A brecha salarial contabilizada en euros alcanzou a cantidade de 2.504,8 millóns que deixaron de percibir as mulleres galegas.
- As mulleres en Galicia perciben un 11,6% menos de salario anual que a media das mulleres do conxunto do Estado e somos a cuarta CCAA onde o salario anual medio das mulleres é máis baixo.
- A ganancia por hora normal traballada das mulleres en Galicia, na que non inflúe nin a temporalidade nin a parcialidade da contratación, é a peor do Estado, por detrás das cántabras. E en España existe unha brecha do 33,7% na contratación a tempo parcial, a superior, con diferenza, de toda a UE, o que prexudica dobremente ás mulleres.
- A xornada laboral a tempo parcial é desempeñada por mulleres nun 73% (73% ano 2013 Eurostat, dato para España), traballadoras que non percibiron nunca salarios que superen os 9.800€ anuais brutos no ano 2013 en España. O noso país, cun 33,7% de brecha salarial entre quen desempeña o seu traballo cunha xornada a tempo parcial, encabeza, con moita diferenza, os países da UE.

- A rama de actividade que padece unha brecha salarial máis alta é a de servizos ás empresas cun 32%, seguida de agricultura, gandería, silvicultura e pesca cun 30,4%.
- Obsérvanse tamén diferenzas entre o sector público e o privado, sendo a brecha do 12,6% e 29,8% respectivamente, e a maior estabilidade no emprego, maior diferencial entre os salarios de mulleres e homes.
- Unha das claves que explican o diferencial salarial entre homes e mulleres atópase nos complementos salariais, xa que se no salario base partimos dunha diferenza de 17,8%, pero cando sumamos os complementos percibidos e a súa incidencia nas pagas extraordinarias, o diferencial final sitúase no 23,2%.
- 36 de cada cen mulleres perciben menos do SMI fronte ao 26,7% dos homes, e pola contra, das 4.005 persoas que en Galicia cobran máis de 10 veces o SMI, destas, tan só 607 son mulleres.
- Todo o analizado incide en que á hora de acceder a unha prestación por desemprego, a parte de que as mulleres son menos en número, tamén é menor a súa contía (-18,22%), e non podemos esquecer ás 26.821 traballadoras do anterior réxime especial do fogar da Seguridade Social, que non teñen dereito a desemprego.
- Se analizamos as diferenzas económicas na percepción das pensións, na de xubilación elévase ao 38%, sendo as mulleres o 42% das perceptoras. Pola contra, no caso das pensións non contributivas de xubilación, son beneficiarias as mulleres nun 78% dos casos, sendo o seu importe medio no ano 2014 354,46 euros.
- Se calculamos a diferenza entre mulleres e homes na realización de tarefas domésticas e coidados familiares, as mulleres dedican 84 días máis ao ano (6.910 millóns de euros) que os homes, o que sumado á brecha salarial existente, supón un total de 169 días traballados cada ano e non remunerados.

- Tendo en conta a evolución do poder adquisitivo, as mulleres duplican a perda respecto aos homes, supoñendo no período 2008/2013 un 5,6% nas mulleres fronte ao 2,7% nos homes.

Ao analizar a brecha salarial hai que ter en conta que moitos son os factores que inflúen na súa existencia (persistencia de roles e estereotipos de xénero, problemas para levar a cabo a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, as condicións laborais (xornada parcial, temporalidade), a segregación ocupacional, a promoción, ou a valoración dos postos de traballo entre outros), polo que é necesario a aplicación de medidas nos diferentes ámbitos político, económico, laboral, educativo e social para poder combatela. A discriminación retributiva incide, é causa e á vez consecuencia doutras discriminacións das que son obxecto as mulleres.

A política de austeridade económica que persigue a baixada de salarios no noso país a través da reforma laboral aprobada en 2012, que permite de forma lisa a inaplicación de convenios colectivos, fixo que incidira no aumento da brecha salarial, xa que baixar os salarios provoca que os salarios máis baixos, percibidos maioritariamente por mulleres, sexan aínda máis baixos, e se agraven as diferenzas.

A recuperación económica do noso país pasa polo recoñecemento do traballo das mulleres en termos económicos. Revélase como unha vía primordial de reactivación do consumo, o que levaría consigo un aumento da demanda de produtos do mercado, a creación de emprego e contribuiría a eliminar parte da pobreza no noso país. E para isto, é necesario introducir como eixo central de todas as políticas económicas a igualdade sen distinción de sexo.

A lexislación e a negociación colectiva configúranse como os elementos esenciais para reducir a brecha salarial, polo que é necesaria unha Lei pola igualdade salarial, así como a aplicación de plans e estratexias de igualdade nas empresas e a loita contra os estereotipos existentes.

As mulleres non atopan nunca o recoñecemento que merece o seu traballo, ou son penalizadas pola modalidade da xornada, ou pola modalidade de contratación, ou por ambas, pero en todos os casos as retribucións son inferiores independentemente do sector ou a ocupación no que foran empregadas ou a Comunidade Autónoma na que accederon a un emprego.

UGT Galicia reivindica a igualdade entre mulleres e homes. Unha muller non é independente senón o é no plano económico. O cumprimento da premisa “igual salario por traballos de igual valor” non é só fundamental para a consecución da igualdade de oportunidades no mercado de traballo senón que é fundamental para constituír unha sociedade xusta, sen predominio dun sexo sobre outro.